

Alberto González-Garcés: «Os meus relatos teñen optimismo e esperanza»

[Jorge Lamas](#) VIGO / LA VOZ

O exdirector do Oceanográfico de Vigo e do Cetmar publica o libro *Somos o que imaxinamos*
02 abr 2025.

Alberto González-Garcés, exdirector do [Cetmar](#) e do Instituto Oceanográfico de Vigo e actual membro do Instituto de Estudios Vigueses, publica o libro *Somos o que imaxinamos* (Medulia Editorial), no que presenta 42 relatos curtos que falan da vida e da cultura. O libro vai ser presentado o 9 de abril na biblioteca de Artes e Oficios.

—Por que este libro?

—Coa pandemia e coa miña xubilación decateime do valor do tempo. A partir de aí, tiven tempo para pensar, reflexionar, divertirme e escribir. Comecei por un libro de poemas, *Alta mar, mar aberta* (Medulia Editorial, 2023). Despois, seguí dándolle voltas a unhas notas de cousas que non sei moi ben se me pasaron ou se as imaxinei, e decidín escribilas.

—De aí o título?

—Si, partín desa reflexión que fala do pasado coma dun país estraño. Cando estás pensando nel, no sabes moi ben se o que lembras do pasado foi así ou doutra maneira porque lle metes uns chiscos de imaxinación. Sen o coñecemento do pasado non hai cultura, pero, como dicía Nélida Piñón, sen a imaxinación non hai grandeza. Despois, lendo a numerosos escritores, cheguei á reflexión de que o mundo é enorme e acontecen moitas cousas nel, pero todas as cousas que suceden, pásanme a min agora. Por outra banda, a xente que eu coñezo pasa a vida predicindo o futuro, imaxinando que vai ser o futuro. Somos e queremos ser o que imaxinamos. De aí o título. Son cousas que todo o mundo pensa. O que fixen neste libro é darlle forma, baseándome en experiencias que vou transformando coa miña imaxinación.

—Son relatos moi variados, pero teñen un elemento optimista en común. Concorda?

—Si, teñen optimismo e esperanza, con elas da gusto vivir, aínda que tamén son realistas. Nestes relatos hai unha dose alta de realismo, pero, en ocasións, transformado pola imaxinación.

—Ve o mar da mesma forma que cando traballa nel?

—Víao dun xeito práctica máis acorde coa investigación. Agora desapareceu esa utilidade e podo meter máis doses de imaxinación. O mar segue sendo unha parte da miña vida, e o libro ten un apartado dedicado aos peixes.

—Fixo as viaxes que relata?

—Si, pero teñen unha parte imaxinada. No caso de Paraguai, métome nun cadro de Magritte cando vou paseando polas rúas de Asunción, pisando cascudas.

—Por que comezou no 2023 cun libro de poesía?

—Porque encontreime cómodo. O libro de agora, penso que é unha prosa moi poética cunha profunda base cultura.

—É herdanza do seu pai, o poeta Miguel González Garcés?

—Si. Neste libro, o meu pai está por todas partes. Eu véxome a min co condicionante, coa formación e a cultura que me transmitiu o meu pai. Pero tamén está Miguel Carlos Vidal, Cervantes ou Borges, entre outros.